

Presentación



Este Informe Anual de Actividades FSG 2006 da conta, un ano máis, da labor desenvolva pola Fundación Secretariado Xitano en todo o país e no eido europeo, xunto con algunhas referencias a aspectos que en maior ou menor medida afectaron ó conxunto da comunidade xitana en España.

En canto ó contexto institucional, podemos afirmar que o 2006 foi un ano histórico para a comunidade xitana española, coa posta en marcha definitiva do Consello Estatal do Pobo Xitano, un órgano colexiado e consultivo que formalizará a participación e a colaboración das organizacións xitanas coa Administración Xeral do Estado. Este ano 2006 anunciáronse outras dúas importantes iniciativas, como a creación dun Instituto de Cultura Xitana de ámbito estatal e a posta en marcha dun novo Plan de Desenvolvemento Xitano para os próximos cinco anos.

Pola súa parte, o ano 2006 marcou tamén un fito na xa longa historia do Secretariado Xitano –máis de 40 anos de andadura- co desenvolvemento da fase 2000-2006 do Programa de Emprego Acceder. Este ten sido un complexo encargo das institucións europeas á FSG quen ten amosado con creces o seu éxito, tanto nos resultados numéricos (máis de 30.000 persoas atendidas y máis de 20.000 contratos de traballo acadados), coma no compromiso e implicación de numerosas entidades públicas e privadas de todo o Estado co proxecto.

Tamén en Galicia se redactou un Plan Integral do Pobo Xitano, o Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano en Galicia, que pretende servir tanto de guía de traballo como de avaliación das accións realizadas. Este plan fórmulase como complemento do II Plan de Inclusión Social (2007-2013) da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente á administración autonómica.

O programa Acceder continúa a súa andadura con unha nova etapa que, probablemente, se estenda ata o 2013, e na que esperamos que no só se poidan seguir consolidando e ampliando os resultados da fase anterior senón que tamén supoña unha oportunidade para mellorar no posible os métodos e os procedementos de traballo; para este fin, contamos ademais cos numerosos indicadores proporcionados polo estudo Poboación xitana e emprego cuxa presentación pública de resultados realizamos en Marzo do 2006.

A formación profesional e o emprego, así como as outras 15 liñas de actividade que desenvolve a Fundación (educación, saúde, vivenda, igualdade de trato, promoción da cultura, comunicación e imaxe social...) son os temas que se

recollen neste novo Informe de Actividades da FSG en Galicia, que se complementa con un bloque de Anexos con datos sobre os programas, a relación de institucións colaboradoras ou os nosos centros de traballo.

Un dos obxectivos principais desta publicación é, polo tanto, dar cumprida conta da totalidade dos programas desenvolto, os seus presupostos e fontes de financiamento, co obxectivo de facer efectiva a nosa vontade de total transparencia e compromiso cos principios e valores que orientan a nosa actuación.

Pero antes de dar paso a esas informacións, non podemos deixar de agradecer o papel dos cada vez máis numerosos organismos e institucións que avalan e apoian as nosas actividades, así como ao conxunto de traballadores e traballadoras da Fundación e a esa ampla base social que, sumando usuarios de programas, familiares e amigos, aglutina xa a un importantísimo número de persoas en todo el país que está facendo posible, día a día, este proxecto común.

Pedro Puente Fernández / Presidente